

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP PARADAI
CURSO: 4º PRIMARIA
MATERIA: VALORES SOCIAIS E CÍVICOS
DEPARTAMENTO:
DATA: 11-05-20

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
1. Crear unha imaxe positiva de un mesmo tomando decisións meditadas e responsables, baseadas nun bo autoconcepto.	<p>1.1. Expresa a percepción da súa propia identidade relacionando a representación que fai de un mesmo e a imaxe que expresan das demais persoas.</p> <p>1.2. Manifesta verbalmente unha visión positiva das súas propias calidades e limitacións.</p>
2. Estructurar un pensamento efectivo e independente empregando as emocións de forma positiva.	<p>2.1. Reflexiona, sintetiza e estrutura os seus pensamentos.</p> <p>2.2. Expresa os seus sentimentos, necesidades e dereitos, á vez que respecta os dos e das demais nas actividades cooperativas.</p> <p>2.3. Traballa en equipo valorando o esforzo individual e colectivo para a consecución de obxectivos.</p>
3. Desenvolver o propio potencial, mantendo unha motivación intrínseca e esforzándose para o logro de éxitos individuais e compartidos.	<p>3.1. Asume as súas responsabilidades durante a colaboración.</p> <p>3.2. Realiza unha autoavaliación responsable da execución das tarefas.</p>
4. Desenvolver a autonomía e a capacidade de emprendemento para conseguir logros persoais responsabilizándose do ben común.	<p>4.1. Participa na resolución de problemas escolares con seguridade e motivación.</p> <p>4.2. Realiza propostas creativas e utiliza as súas competencias para abordar proxectos sobre valores sociais.</p> <p>4.3. Define e formula claramente problemas de convivencia.</p>
5. Propoñerse desafíos e levalos a cabo mediante unha toma de decisión persoal, meditada e responsable, desenvolvendo un bo sentido do compromiso respecto a un mesmo e aos demais.	<p>5.1. Sopesa as consecuencias das súas accións.</p> <p>5.2. Desenvolve actitudes de respecto e solidariedade cara aos demais en situacións formais e informais da interacción social.</p>
6. Expresar opinións, sentimentos e emocións, empregando coordinadamente a linguaxe verbal e non verbal.	<p>6.1. Expresar con claridade e coherencia opinións, sentimentos e emocións.</p> <p>6.2. Emprega a comunicación verbal en relación coa non verbal en exposicións orais.</p> <p>6.3. Expón respectuosamente os argumentos.</p>
7. Utilizar habilidades de escoita e o pensamento de perspectiva	7.1. Escoita exposicións orais e entende a comunicación desde o punto de

con empatía.	vista da persoa que fala. 7.2 Colabora en proxectos grupais escoitando activamente, demostrando interese polas outras persoas.
8. Actuar con tolerancia comprendendo e aceptando as diferenzas.	8.1 Respecta e acepta as diferenzas individuais. 8.2 Recoñece, identifica e expresa as calidades doutras persoas.
9. Contribuír á mellora do clima do grupo amosando actitudes cooperativas e establecendo relacións respectuosas.	9.1 Forma parte activa das dinámicas do grupo. 9.2 Establece e mantén relacións emocionais amigables, baseadas no intercambio de afecto e a confianza mutua.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos:</p> <p style="padding-left: 40px;">Feed-back (polos medios postos a disposición dos alumnos/as: web, aula virtual, correo , material impreso a través do Concello...) do material elaborado.</p>
	<p>Instrumentos:</p> <p>Traballo individual realizado polo alumno/a e recepcionado polo mestre. Revisión do traballo</p>
Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <p>Media aritmética das cualificacións da materia na 1ª e 2ª avaliación, no caso de alumnos/as que superaran as materias nas dúas avaliacións ou polo menos nunha delas.</p> <p>Redondeo á alza (na media das cualificacións) cando haxa constancia por parte do mestre de que está a traballar ao longo do 3º trimestre (sexa das recomendacións feitas polo mestre ou por outros medios)</p>
Proba extraordinaria de setembro	
Alumnado de materia pendente	Criterios de avaliación:
	Criterios de cualificación:
	Procedementos e instrumentos de avaliación:

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Póñense a disposición do alumnado actividades de repaso, reforzo e recuperación de todo o traballo realizado ao longo dos dous trimestres do curso. Seguindo as instrucións da Consellería e tendo en conta as especiais circunstancias que concorren na maioría do noso alumnado (situacións económicas, sociais e culturais... moi desfavorecidas) non se avanza en contidos.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Identifícase persoalmente a todo o alumnado que ten a súa disposición medios electrónicos para a realización do traballo, e aquel que preferindo outros medios ou non tendo recibe o material impreso coa colaboración realizada pola Área de Educación do Concello de Lugo
Materiais e recursos	As imprescindibles nestas circunstancias. Ademais da conectividade persoal que pode ter cada familia, identifícase persoalmente aos que carecen dela, así como os que precisan de material fungible mínimo (papel, lapis...) sendo comunicado tal circunstancia ao Concello de Lugo para que poña a disposición do alumnado o máis elemental.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado. Darase a coñecer a través das canles de comunicación que o centro ten establecidos (web, instagram, abalar)
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro e polos medios electrónicos dispoñibles.